

Construcción dun centro sociocultural e da xuventude e da 3ª idade en Bóveda (Lugo).

Empresa adxudicataria: *Alea, S.L.*

—Concurso público convocado no DOG do 18-10-1993.

Obra do proxecto básico e de execución de base de acampada en Cea (Ourense).

Empresa adxudicataria: *Ediconsá.*

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 1993.

Rubén Víctor Lois Calviño
Secretario xeral da Consellería de Cultura

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE LUGO

Edicto do 11 de xaneiro de 1994 polo que se anuncia a aprobación inicial do estudio de detalle para o ordenamento da unidade de actuación Leste número 1, do vixente PXOU de Lugo.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 30-12-1993, acordou aprobar inicialmente o estudio de detalle para o ordenamento da unidade de actuación *Leste Nº 1* (Camiño de Romai), a solicitude de Ángel Fernández Villar, en representación de OSUGASA.

Conforme o previsto nas disposicións vixentes sométese a información pública por prazo de quince días, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo (oficinas municipais de Quiroga Ballesteros), e presentarse as reclamacións ou suxerencias que se desexen.

Lugo, 11 de xaneiro de 1994.

Visto e prace
P.D. (Decreto alcaldía 10-6-1992)
Eugenio Enrique Corral Álvarez
Concelleiro delegado

Manuel Carrasco Uceda
Vicesecretario

Edicto do 11 de xaneiro de 1994 polo que se anuncia a aprobación inicial do estudio de detalle para o ordenamento da unidade de actuación Leste número 2 do vixente PXOU de Lugo.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 30-12-1993, acordou aprobar inicialmente o estudio de detalle para o ordenamento da unidade de actuación *Leste nº 2* (camiño de Romai), a solicitude de Ángel Fernández Villar, en representación de OSUGASA.

Conforme o previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública por prazo de quince días, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo (oficinas municipais de Quiroga Ballesteros),

e presentarse reclamacións ou suxerencias que se desexen.

Lugo, 11 de xaneiro de 1994.

P.D. (Decreto alcaldía 10-6-1992)
Eugenio Enrique Corral Álvarez
Concelleiro delegado

Manuel Carrasco Uceda
Vicesecretario

CONCELLO DE MEIS

Edicto do 12 de xaneiro de 1994 polo que se anuncia concurso para a contratación con carácter urxente da realización dos traballos de redacción das normas subsidiarias de planeamento deste municipio.

Aprobado polo Pleno do Concello o prego de condicións técnicas e económico-administrativas que rexerá para a contratación con carácter urxente, por concurso, da realización dos traballos de redacción das normas subsidiarias de planeamento deste municipio, expónse ó público por prazo de catro días, contados desde ó seguinte ó da última publicación deste edicto no BOP ou DOG, para os efectos de exame e reclamacións.

Simultaneamente, anúnciase o concurso correspondente, se ben a licitación se aprazará cando resulte necesario, no suposto de que se formulen reclamacións contra os ditos pregos.

Obxecto: traballos de redacción das normas subsidiarias de planeamento do Municipio de Meis conforme as características contidas no prego de condicións técnicas.

Prezo máximo: 8.900.000 ptas., IVE incluído.

Prego de condicións: na secretaría do concello, en horas de oficina.

Fianza provisional: 178.000 ptas.

Presentación de proposicións: durante o prazo de dez días hábiles a partir da publicación do último anuncio no BOP ou no DOG de nove a catorce horas.

Meis, 12 de xaneiro de 1994.

Jorge Casal Pintos
Alcalde

CONCELLO DE MOS

Anuncio.

O Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 26-11-1993, acordou ordena-la publicación da aprobación por silencio positivo da modificación das N.S. na zona das Pozas.

Mos, 13 de decembro de 1993.

Justo J. González Ballesta
Alcalde